



Concello  
da Estrada



## XII CAMPUS DEPORTIVO DE VERÁN CONCELLO DA ESTRADA 2021

### 1.- INTRODUCCIÓN.

O departamento de deportes oferta para os meses de xullo e agosto, a duodécima edición do Campus Deportivo de verán do Concello da Estrada.

Todas as actividades están especialmente dirixidas ás idades e desenvolvemento psíquico-físico das persoas participantes e todas elas desenvolven tamén, de xeito transversal, valores de disciplina, esforzo, perspectiva de xénero, integración, hixiene e respecto ás normas.

O Concello da Estrada, coordinará tódalas medidas de seguridade, de prevención da saúde e de hixiene que a situación require para coidar ao máximo a saúde tanto dos participantes coma do persoal que leva a cabo á actividade.

**As bases do XII Campus Deportivo de Verán Concello da Estrada inclúen protocolos de actuación para a adaptación deste programa deportivo, ás directrices das autoridades competentes en relación coa Covid-19. Polo tanto, é posible que tanto antes do inicio como durante a actividade, se as indicacións das autoridades sanitarias ou da Xunta de Galicia cambian, tamén se teñan que adaptar tanto estas bases e protocolos. Se hai algún cambio, será publicado e comunicado as familias dos participantes na actividade.**

### 2.- DESTINATARI@S.

Ofértanse un total de **70 prazas por quenda/quincena.**

A actividade está dirixida para **nenos/as de 5 (cumpridos a día 1 de xullo de 2021) a 15 anos, nados/as entre o ano 2006 e o ano 2016**, e terá lugar nas instalacións da zona deportiva do Concello, en horario de 9.00 (recollida participantes de 9 a 10 horas) ás 15.00 horas. As instalacións onde se realizarán as actividades, cumpren cos protocolos de hixiene e prevención en relación o covid-19.

Ante a situación extraordinaria deste ano, a inscrición no XI Campus Deportivo de Verán, será por quincenas. O **prezo será de 40 euros por participante e quincena.** O segundo membro da unidade familiar terá un desconto do 20% sobre o prezo (32 euros), e a partir do terceiro membro da unidade familiar será gratuito.

A formación e organización dos grupos dependerá dos seguintes criterios:

1. Instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias e da Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento e organización dos programas e actividades a desenvolver
2. Idades e características individuais dos nenos e nenas inscritos/as.

Os participantes poderán solicitar as quendas/quincenas que consideren necesarias ata un máximo de 4, cubrindo na folla de inscrición, a orde de prioridade. Poderán entrar nas quendas non preferenciais sempre e cando existan prazas vacantes.

No formulario de inscrición deberá indicar se o rapaz ou rapaza ten calquera tipo de enfermidade e/ou discapacidade. Estes datos só se tratarán co fin de facilitar os apoios e as adaptacións necesarias para o mellor desenvolvemento das actividades. O programa non dispón de persoal sanitario, polo que non se responsabiliza da administración de calquera tipo de medicación.

### 3.-ACTIVIDADES.

O programa deportivo que detalla as actividades desta edición, estarán orientadas a crear hábitos de hixiene relativos á Covid-19. Priorizaranse as actividades ao aire libre e aquelas tarefas que se poidan levar a cabo dentro da práctica da disciplina deportiva, que requiran o menor contacto posible.

Os horarios e a programación das actividades de cada quenda faranse en función das idades dos nenos/as polo que non todos os/as participantes do campus deportivo farán as mesmas actividades.

As actividades que oferta o Campus Deportivo de Verán son, entre outras: fútbol, baloncesto, atletismo, bádminton, actividades acuáticas, tenis, atletismo e xogos predeportivos de iniciación para os máis pequenos. Todas estas actividades adaptadas as normativas existentes, atendendo á distancia correspondente e seguindo os protocolos sanitarios.

Os días de actividade do XII Campus deportivo de Verán, serán os seguintes:

<b>XULLO</b>						
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SABADOS	DOMINGOS
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	
<b>AGOSTO</b>						
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SABADOS	DOMINGOS
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

▪Días de actividade

▪Días de non actividade

O XII Campus Deportivo de Verán ofertará as seguintes quendas, e o participante poderá solicitar as que considere necesario, marcando unha orde de preferencia. Aquela quenda que marque como primeira, será na que poderá entrar de xeito preferente. Nas quendas marcadas como, segundas, terceiras e/ou cuartas opcións, so entrará no caso de que haxa prazas libres:

<b>QUENDAS</b>	<b>DATAS</b>
1ª QUENDA (Q1)	DO XOVES 1-7 O XOVES 15-7
2ª QUENDA (Q2)	DO VENRES 16-7 O VENRES 30-7
3ª QUENDA (Q3)	DO LUNS 2-8 O VENRES 13-8
4ª QUENDA (Q4)	DO LUNS 16-8 O MARTES 31-8

## **5.- PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.**

- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** As solicitudes de inscrición deberán presentarse **PREFERENTEMENTE** a través da sede electrónica do Concello da Estrada (<https://aestrada.sedelectronica.gal>), ou no seu defecto no Rexistro Xeral do Concello da Estrada, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.
- **PRAZO DE INSCRICIÓN: DO 16 O 20 DE XUÑO DE 2021.**
- **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

A documentación a presentar xunto coa solicitude segundo modelo, é a seguinte

- ✓ 1 foto do/a neno/a
  - ✓ D.N.I do/a neno/a
  - ✓ D.N.I do pai, nai ou titor.
  - ✓ Tarxeta da Seguridade Social do/a menor
  - ✓ Libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar e no caso de que corresponda, certificado de familia con bonificación por razóns de risco.
  - ✓ Xustificante de ocupación laboral: certificado de vida laboral ou último recibo de cota á S.S. no réxime especial de traballadores por conta propia dos pais, titores ou gardadores.
  - ✓ Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar
- **CRITERIOS EVALUACIÓN:**

No caso de que o nº de solicitudes supere as prazas ofertadas, atenderanse as solicitudes segundo a seguinte orde de prioridades:

- ✓ Familias que contén con ditame de bonificación por razóns de risco.
- ✓ Rapaces e rapazas empadroados no termo municipal.
- ✓ Familias nas que os seus pais, titores ou gardadores dos menores inscritos acrediten atoparse traballando durante o período de inscrición das actividades.
- ✓ Rapaces e rapazas que acrediten a condición da familia numerosa.
- ✓ Orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Terán preferencia no momento da inscrición, aqueles nenos/as que estén empadroados no Concello da Estrada. No caso de que se dispoña de prazas vacantes en calquera das quendas poderán formalizar a súa inscrición no XII Campus Deportivo de Verán nenos/as non empadroados sen necesidade de acreditar a actividade laboral dos pais no termo municipal.

➤ PAGAMENTO:

Unha vez confirmada a participación do neno/a no XII Campus Deportivo de Verán, deberase de realizar o pagamento, de xeito presencial na oficina do Banco Sabadell ou de xeito telemático, achegar o xustificante de pago o primeiro día da actividade e entregarllo o monitor/a.

**Nº CONTA PAGO CAMPUS (BANCO SABADELL): ES78 0081 2208 230001012603**

## 6.- SEGURIDADE E HIXIENE.

### *Control e prevención durante a actividade.*

- ✓ As persoas participantes e os seus titores legais responsabilizaranse da súa situación particular fronte á Covid-19, de tal forma que se algunha presenta sintomatoloxía asociada coa Covid-19 non acudirá e contactará inmediatamente coa dirección do XII Campus Deportivo de Verán
- ✓ As persoas responsables da actividade (coordinador e monitores) velarán pola seguridade da actividade mediante a declaración de saúde á entrada das instalacións e o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
- ✓ Reforzaranse as mensaxes de recordo dos comportamentos e distancia de seguridade, medidas de hixiene, etc.
- ✓ Limitaranse os aforos en espazos pechados para que garantan os principios de distancia de seguridade e prevención de contacto.

### *Cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias.*

- ✓ A organización subministrará xabón e xel hidroalcohólico. Os rapaces e rapazas maiores de 6 anos deberán levar a súa propia máscara e recoméndase que os menores de 6 anos tamén a leven. Deberán de utilizala en todas aquelas situacións, xa sexa durante a realización da actividade ou non, onde non se poida manter a distancia de seguridade de 1,5 m.
- ✓ Asignarase un monitor ou monitora responsable por grupo que vele pola recollida e entrega das persoas participantes aos seus titores legais. Esta persoa responsable velará polo respecto das medidas de distanciamento interpersonal e evitará aglomeracións. Controlará comportamentos e equipos sanitarios e distribuirá os

equipos de protección individual aos rapaces e rapazas que non dispoñan del de maneira puntual.

- ✓ En todos os casos garantirase o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias).
- ✓ Aqueles participantes ou as súas familias que incumpran as normas establecidas relativas as medidas de protección ante a Covid-19, poderán ser expulsados da actividade.

#### *Adecuación, organización e distribución das actividades.*

- ✓ Sempre que sexa posible, terán prioridade as actividades ao aire libre. Durante a programación diaria, cada grupo contará cunha sala ou instalación propia.
- ✓ Os espazos pechados que se utilicen serán amplos e estarán ben ventilados.
- ✓ Procurarase que cada grupo teña o menor número de nenos e nenas posible, polo que a división dos grupos será estrita e tendo en conta a data de nacemento dos rapaces e rapazas inscritos. Poderá darse o caso de que rapaces e rapazas pertencentes a un mesmo curso escolar estean en grupos diferentes e non poderán facerse cambios.
- ✓ Cada grupo contará cun/ha monitor/a responsable que velará polo respecto das medidas de distanciamento físico na medida do posible e evite aglomeracións.
- ✓ Cando os participantes e o seu monitor/a teñan que desprazarse desde unha instalación a outra, durante a transición, deberán levar obrigatoriamente máscara a partir dos 6 anos e é recomendable para os menores desta idade sempre que non sexa posible manter a distancia de seguridade.
- ✓ Cada participante deberá levar a súa merenda e auga. Estará prohibido compartila. Durante a programación, durante o momento do recreo media mañá, os participantes e o seu monitor/a, situaranse con distancia seguridade de dous metros dos outros grupos.

#### *Desprazamentos, entrega e recollida de participantes.*

- ✓ O punto de encontro marcado de xeito oficial son as instalacións das piscinas municipais. O recollida dos nenos/as será na entrada principal e a recollida pola entrada lateral que hai cara o campo de fútbol municipal Manuel Regueiro.
- ✓ No caso de familias con participantes pertencentes a diferentes grupos, deberán deixar a cada neno/a o monitor/a responsable do grupo correspondente, aínda que sexan diferentes.
- ✓ O monitor/a responsable de cada grupo será o/a encargado/a de xestionar a recollida e a entrega dos nenos/as participantes.
- ✓ Cada neno/a acudirá ás instalacións do Campus Deportivo de Verán acompañado por unha única persoa adulta, co fin de evitar aglomeracións tanto na hora da entrada como na de recollida.
- ✓ Para facilitar o tránsito entre persoas nos horarios de inicio e peche das actividades, de xeito escalonado, as familias poderán chegar á actividade entre as 8:45 horas e as 9:00 horas e poderán recoller os/as nenos/as entre as 14:00 e as 14:15 horas.

## XII CAMPUS DEPORTIVO DE VERÁN 2021

### DATOS DO PARTICIPANTE:

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

TALLA DE CAMISETA: \_\_\_\_\_

QUENDA (Q1)	QUENDA (Q2)	QUENDA (Q3)	QUENDA (Q4)

**MARCAR NUMÉRICAMENTE A ORDE DE PREFERENCIA DAS QUENDAS SOLICITADAS**

### DATOS DO PAI/NAI/TITOR:

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DIRECCIÓN: \_\_\_\_\_

TELÉFONO: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_

**Nº CONTA PAGO CAMPUS (BANCO SABADELL): ES78 0081 2208 230001012603**

**AUTORIZO** as persoas responsables da actividade leven a cabo as seguintes accións:

- Autorización para que a nena/o vaia so pa casa.
- Autorización para administrar un medicamento a nena/o en caso de necesidade
- Autorización para que outras persoas distintas da nai ou pai recollan a nena/o.
- Nome da persoa autorizada \_\_\_\_\_
- **OBSERVACIÓNS** (alerxias, medicacións, alteracións alimenticias ou de sono...) \_\_\_\_\_

\_\_ **AUTORIZO** (*marcar cunha X*)

\_\_ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X*)

Ao programa para que permita a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de son daqueles eventos organizados pola Empresa nos que apareza o/a neno/a antedito/a. As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias da empresa, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia. Conforme o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros da empresa. Ca presentación desta solicitude, declaro que teño lido toda a información e o protocolo do XII Campus Deportivo de Verán 2021.

E para que conste ós efectos oportunos firmo a presente en

A Estrada, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asinado: